

MESA SECTORIAL : MODIFICACIÓN ACORDO INTERINOS, OPE, ORDE OPOS 2026

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe trataronse os seguintes puntos:

- 1. Proposta de modificación do Acordo polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.**

A modificación presentada pola administración ten as seguintes novidades:

- Elimínase o punto sobre a obriga de presentarse a procesos selectivos .
- Os chamamentos faranse pola aplicación oficial ou, de forma excepcional, por teléfono. O persoal terá 24 horas para ordenar vacantes e establécense penalizacións de 30 días, 60 días e exclusión definitiva.
- Se quedan prazas sen cubrir, poderán ofertarse voluntariamente na seguinte convocatoria, sen consolidación de posto.
- Modifícase a disposición adicional cuarta, substituíndo as referencias a períodos concretos (Nadal, Entroido, Semana Santa) por *períodos non lectivos*.

UGT valora positivamente estas modificacións que xa se presentaron na comisión de seguimento do acordo de interinos, da que UGT forma parte.

Entendemos que a eliminación da obriga de presentarse aos procesos selectivos redundará nunha organización mais áxil de todo o procedemento de oposicións.

Tamén a actualización no sistema de chamamentos froito do plan de redución da burocracia, traballado dentro do marco do Acordo de Mellora nos parece un avance que facilitará os chamamentos.

Lamentamos que se perda esta ocasión para incluír a recuperación do cobro dos meses de verán.

A Consellería matiza que as persoas consolidadas na lista de Orientación tamén están libres de presentarse aos procesos selectivos



2. Proposta DECRETO /2026, do de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A Consellería nos informa da oferta de emprego público, incluídas as prazas de promoción interna:

O reparto por corpos é o seguinte:

Corpo	Prazas ofertadas
Mestres	400 + 76
PES	717 + 135
Sectores Singulares	47 + 13
TOTAL	1388+213*=1601

*Prazas de promoción interna

Dende UGT-SP expuxemos o seguinte:

- Criticamos a presentación aos medios antes que ás OOS.
- A oferta de prazas debería basearse nun estudo das necesidades dos centros educativos e en criterios de estabilización do profesorado, polo que criticamos a falta dunha **negociación previa** da oferta de prazas a convocar .



3. Proposta ORDE do ____ de ____ de 2026 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade.

- Na distribución de prazas valoramos positivamente o incremento de Prazas de PT, pero insistimos en que os esforzos para una mellor atención á diversidade tería que ser maior. As prazas de Orientación son insuficientes e deberían corresponderse cunha rateo de 250 alumn@s por praza.
- Coa modificación do Acordo de Interinos desde UGT- SP insistimos na importancia de que o **rateo de aspirantes por tribunal** se minimize ao máximo, polo que pensamos que a Consellería debería esforzarse para conseguir uns resultados cada vez máis obxectivos e eficaces nas probas selectivas.
- Os presidentes dos tribunais, deberían ser por sorteo igual que os os vogais e non designados directamente pola dirección xeral de recursos humanos.

A Consellería non vai modificar o sistema de designación

- A valoración dos méritos debería corresponderlle a persoal da consellería e non cargar con esta tarefa aos tribunais. Ademais deberían entregarllas ao tribunal unha vez estivese publicada a nota de oposición.
- Pedimos que se axilice o pago aos membros dos tribunais.
- Debido á necesidade de tempo para a organización dos opositores, pedimos que se publiquen as datas e lugares das probas con suficiente antelación, así como no punto 10.3.3 se amplíen os prazos de chamamentos polo menos a 48 horas de antelación. Engadimos a esta solicitude a ampliación do prazo de reclamación da lista provisional de 2 a 5 días hábiles. Así como no pto 20.1, debería ampliarse os días para a presentación ao CADP unha vez aprobada a oposición.

A Consellería remarca que os tempos non permiten acurtar prazos.

- **As taxas** para os demandantes de emprego deberían ser nula.



A Consellería comunica que os colectivos que teñan dereito a renunciar aos tribunais serán informados por correo da posibilidade de renunciar antes da constitución dos tribunais, e poderán facer efectiva a renuncia a través da aplicación de oposicións.

Os tribunais xa terán baremados os méritos de tempo traballado e curso realizados pola Consellería.

Posiblemente a Orde será publicada a última semana de febreiro.

A consellería vai revisar dou puntos da Orde: Os módulos de FP nos que non se poden elaborar programación por non ter currículo e a posibilidade de que os especialistas de Inglés de secundaria poidan presentar programación do modulo de Inglés de FP.

6. OUTROS ASUNTOS TRATADOS NA MESA SECTORIAL

CIFP Manuel Antonio.

- Pedimos se tomen medidas con carácter urxente para solventar os problemas deste centro polos riscos derivados das obras que teñen lugar no mesmo.

IES Proval.

- Pedimos se tomen as medidas que se acordaron e trasladaron ao centro para reducir os altos niveis de radón.

Licenzas e permisos

- Solicítase a **actualización da Orde** correspondente.

Regulamentos Orgánicos:

- Solicitamos información sobre a actualización dos distintos ROCs.

